



Concello de Pontecesures

Expte núm.: 1012/2026

Asunto: Resolución definitiva de admitidos/as no proceso selectivo para a contratación de 1 persoa moza desempregada inscrita en Garantía Xuvenil ao Abeiro da Orde Reguladora 2026 TR350E.

D. Roque Luis Araujo Rey, Alcalde-Presidente acctal. do Concello de Pontecesures, en relación co expediente para a selección e posterior contratación dun traballador, como persoal laboral temporal, no posto de **Conserxe**, e dada a urxente e inaprazable necesidade de proceder á contratación de dito posto coma persoal laboral temporal, e tal e coma se dispón na Orde do 22 de maio de 2026 (D.O.G. nº 108, do 11 xuño de 2026) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (TR350E), é obrigatorio acudir ao Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), mediante a presentación da correspondente oferta, para a contratación de “persoas desempregadas, inscritas no mesmo, como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego”, o cal, remitirá unha relación de candidatos preseleccionados para a súa posterior valoración polo concello.

As persoas preseleccionadas para este posto de **Conserxe** foron contactadas polo Departamento de Persoal vía telefónica e vía correo electrónico a través dos datos que figuraban nos currículos que remitiu a Oficina de Emprego de Vilagarcía de Arousa, e tiveron, segundo o previsto nas bases reguladoras destes procesos de selección, un prazo de 2 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao do requirimento efectuado o pasado luns 7 de setembro, polo que o prazo para presentar a instancia de participación nos procesos para os que foron preseleccionadas foi o 8 e 9 de setembro.

Tras finalizar o prazo de presentación de instancias, e presentadas estas polos 3 aspirantes preseleccionados pola Oficina de Emprego de Vilagarcía de Arousa, e segundo o previsto nas bases reguladoras destes procesos selectivos e en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir, con carácter definitivo, no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de 1 posto de **Conserxe**, ás seguintes persoas aspirantes:

DECRETO
Número: 2026-1148 Data: 09/09/2026

Cod. Validación: 5ELA42C4HYDNKYKTYDRJUR4TF
Corrección: <https://pontecesures.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2





Concello de Pontecesures

N.º	NOME E APELIDOS	DNI
1	ALEJANDRO LOPEZ PEREZ	***3356**
2	MARTÍN MOREIRAS FERREIRÓS	***9195**
3	LARA ROMERO ENRIQUE	***4598**

SEGUNDO: O Tribunal para o posto de Conserxe, terá como funcións a baremación dos aspirantes presentados, e propondrá á Alcaldía-Presidencia ós aspirantes que máis puntuación acadasen, **estarán integrados polas seguintes persoas:**

Presidenta: M^a Ángeles García Villaverde, secretaria do Concello de Pontecesures.

Secretario: José Rodríguez Fructuoso, técnico de emprego do Concello de Pontecesures.

Vogais:

- Xurxo Gerpe Jamardo, encargado de obras do Concello de Pontecesures.
- Consuelo Ordóñez Martínez, traballadora social do Concello de Pontecesures.
- Francisco Freiría Oliveira, técnico de xuventude do Concello de Pontecesures.

TERCEIRO: Comunicar aos aspirantes que o tribunal reunirase para a realización da proba de selección o **vindeiro martes 15 de setembro as 09.30 h. na nave de obras do Concello**, na rua Avelino Pousa Antelo (enfrente do edificio de oficinas do CPI de Pontecesures).

CUARTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a relación provisional de persoas admitidas e excluídas destes procesos selectivos.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

DECRETO
Número: 2026-1148 Data: 09/09/2026

Cod. Validación: 5ELA2C4HYDNKYKTYDRJUR4TF
Corrección: <https://pontecesures.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

